

Acta da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo Galego de Centros Especiais de Emprego

En Santiago de Compostela, ás once horas do día dezaseis de abril de dous mil dez, na sede de Consello Galego de Relacións Laborais, reúnense as persoas que a continuación se sinalan:

REPRESENTACIÓN EMPRESARIAL

D. Ignacio Rodríguez Sáez (CEGASAL)
D. Gonzalo Fariña Pérez (CEGASAL)
D.^a M^a Jesús Pérez Piñeiro (CEGASAL)

REPRESENTACIÓN SINDICAL

D^a. Marisa Rodríguez Vázquez (UGT-Galicia)
D^a M^a Cruz González Vázquez (UGT-Galicia)
D. Juan Fernández García (UGT-Galicia)
D^a. Amparo Vites Miranda (SN de CC.OO. de Galicia)
D^a. Adela Poisa Baños (SN de CC.OO. de Galicia)
D. Alexandre Lago Portela (CIG)
D. Adolfo Naya Fernández (CIG - Asesor)

O motivo da xuntanza e continuar o proceso de negociación do Convenio Colectivo Galego de Centros Especiais de Emprego.

Comeza a xuntanza repasándose o texto definitivo do convenio. Logo das oportunas deliberacións e debate, acordan:

1º.A parte empresarial e os sindicatos UGT e CCOO asinan o convenio colectivo galego de centros especiais de emprego, dando por finalizado o proceso negociador.

2º Facultan ao Consello Galego de Relacións Laborais para os trámites de rexistro, depósito e publicación.

A CIG solicita que conste expresamente en acta que non asina por canto os niveis salariais acadados nesta negociación son insuficientes na procura que esta central sindical ten para este sector. O incremento salarial do 2% e a intención de aboar a IT os tres primeiros días ao 75% unha única vez ao ano, propostos pola patronal, consideramos claramente insuficientes para igualar os niveis salariais e dereitos laborais cos demais sectores.

A CIG defende que un dos elementos fundamentais para a plena integración sociolaboral dos/as traballadores/as discapacitados/as na sociedade é que acaden, a través dos convenios, a igualdade salarial e de dereitos laborais cos demais traballadores. Polo exposto, e desde estas condicións, a CIG non pode asinar _____

www.cigservizos.org

A UGT solicita que conste expresamente en acta que, na anterior xuntanza, aceptaban as táboas presentadas a cambio da IT e hoxe se quedara para asinar, co cal non ten sentido que hoxe se veña con novas propostas, porque levamos medio ano que andamos para diante e para atrás e polo tanto valoramos que se meteron moitos puntos novos e que xa e un convenio de dous anos. Dende UGT se prefire que os traballadores/as poidan ir disfrutando dun novo convenio e non que se rompa a Mesa de negociación.

CC.OO. de Galicia solicita que conste expresamente en acta que, na última xuntanza desta Mesa negociadora a postura da CIG foi a de aceptar as táboas salariais que ao final se asinaron, a cambio de que se pagase o 75% nos 3 primeiros días de baixa. Deixaron a súa postura pendente de contestación cando CEGASAL dixo que, só o aceptaban si se pagaba ese 75% só na primeira baixa de cada ano.

A organización empresarial CEGASAL solicita que conste expresamente en acta que a CIG renunciara á incapacidade temporal presentando unha táboa salarial cunha diferenza coa presentada pola patronal de 3 euros, sendo nos grupos superiores maior a proposta da patronal que a presentada pola CIG, por lo que non hai ningunha razón obxectiva que impida a sinatura do presente convenio pola central sindical.

E non tendo máis asuntos que tratar, se levanta a xuntanza, sendo as 13:30 no lugar e data arriba indicados, levantándose a presente acta que asinan por triplicado exemplar en proba de conformidade.



www.cigservizos.org